

MANIFESTO POLA PAZ

Hoxe celébrase o DÍA DA PAZ E DA NON VIOLENCIA, así que os alumnos e alumnas do CPI DE SAN SADURNIÑO aproveitamos a ocasión para manifestar a nosa preocupación por.

- As guerras que hai actualmente no mundo, con miles vítimas inocentes.
- A existencia de campos de refuxiados onde nenos como nós viven en condicións miserables.
- O incremento de casos de violencia machista.
- O acoso escolar e o ciberacoso, que provocan un gran sufrimento en nenos e adolescentes.
- A homofobia e agresións a xente de diferente orientación sexual.
- O racismo e a discriminación hacia os inmigrantes que veñen ao noso país.
- O maltrato que sofren os nosos maiores nalgunhas residencias.
- O maltrato hacia os animais.

Nun mundo onde a violencia e o medo forman parte da vida de moitas persoas, queremos manifestar que a paz constrúese día a día, entre todos, e para conseguila non só fan falla palabras, senon tamén feitos, así que, animamos a todos os que nos estades escoitando a que vos comprometades a seguir estas pautas:

- Rexeitar violencia en todas as súas formas.
- Denunciar casos de acoso escolar ou de violencia cercanos a vós.
- Ter empatía coas persoas.
- Non discriminar por razóns de sexo, raza, orientación sexual ou relixión.
- Mediar, na medida do posible, nos conflitos que coñezas.
- Favorecer o compañerismo e o respecto aos demais, sen prexuzgar a ninguén.

En resumo, temos que eliminar todas as formas de discriminación e intolerancia:

DIGAMOS: SÍ Á PAZ

(Redactado polos alumnos de 1º de ESO)